

AlgoEntreNós

Unidade didáctica reto n.º 1

**POÑENDO CARAS**





## **Contidos**

AtalaiAS e Arabías S.Coop.Galega

## **Deseño e maquetaxe**

Redeiras.net

## **Impulsa e financia**

Secretaría Xeral de Igualdade. Consellería de Emprego e Igualdade. Xunta de Galicia.

Pacto de Estado contra a violencia de xénero

Financiado con cargo ao crédito recibido do Ministerio de Igualdade, Secretaría de Estado de Igualdade e contra a Violencia de Xénero



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE  
EMPREGO E IGUALDADE  
Secretaría Xeral da Igualdade



**Pacto de Estado**  
contra a violencia de xénero



## [0] Índice

<b>[1] <i>Introdución</i></b> .....	<b>4</b>
<b>[2] <i>Marco teórico de referencia</i></b> .....	<b>5</b>
<b>[3] <i>Obxectivos e contidos a traballar</i></b> .....	<b>10</b>
<b>[4] <i>Pautas do reto</i></b> .....	<b>11</b>
<b>[5] <i>Desenvolvemento</i></b> .....	<b>13</b>
<b>[6] <i>Notas para resolver situacións frecuentes</i></b> .....	<b>19</b>
<b>[7] <i>Pon o foco</i></b> .....	<b>21</b>



## RETO 1

### [1] **Introducción**

A unidade didáctica 1 está pensada para traballar sobre os estereotipos e roles de xénero dun xeito dinámico e activo, partindo das ideas e crenzas que ten o alumnado. Trátase de ofrecer un espazo para a reflexión sobre a incidencia que o sistema sexo/xénero ten sobre o xeito de expresarnos, vernos, vivirnos e relacionarnos como persoas sexuadas, así coma as diferentes características que as persoas amosan nas expectativas e roles que socialmente se lle atribúen a un sexo ou outro.

Durante o desenvolvemento do reto, o alumnado terá que crear dous avatares, un masculino e outro feminino. Durante este proceso creativo será necesario tomar decisións sobre cuestións de aparencia física dos personaxes, á cal lle sumaremos outras características ou trazos máis persoais para analizar a construción da feminidade e a masculinidade na actualidade.

Somos conscientes da diversidade real que existe nas aulas, onde se reproduce a diversidade existente na sociedade, así como a valoración que se fai dela nas súas diferentes manifestacións e tipos: diversidade étnica e cultural, sexual, biolóxica, funcional, ecolóxica, socioeconómica, lingüística, etc. É por iso que neste primeiro reto buscamos que os avatares teñan en conta e representen as características predominantes do grupo. Asemade, consideramos fundamental que o profesorado acompañe durante todo o programa os distintos aspectos da diversidade que poidan darse durante o desenvolvemento dos retos, baixo a premisa da inclusión e a coeducación.



## [2] Marco teórico de referencia

Desde que nacemos, e incluso antes do nacemento, vaise construíndo a **identidade de xénero** das persoas. No mesmo momento en que unha familia coñece o sexo biolóxico do bebé que agarda, comeza unha fantasía sobre como será, a que se dedicará, que cousas lle gustarán... que vai ser modelada de forma diferente se se imaxina ese bebé como neno ou como nena. E isto pasa porque a nosa sociedade segue nun posicionamento dualista onde non se contempla a diversidade sexual. O termo diversidade sexual fai referencia a que a sexualidade humana é un continuo, fluída e cambiante e para entender iso debemos ter claros diferentes conceptos como son o sexo asignado, a identidade de xénero, a orientación sexual e a expresión de xénero (descritos no [glosario do programa](#)).

Pero a realidade é que nos formamos segundo a socialización diferencial.

Como vemos, a identidade de xénero constrúese a partir dun proceso de **socialización diferenciada** onde participan diversos axentes —familia, escola, grupo de iguais, medios de comunicación...—<sup>1</sup> e a través do cal as persoas aprendemos e interiorizamos valores e normas dunha determinada sociedade ou dunha cultura concreta. Este proceso de socialización ten a función de favorecer a integración do novo membro da comunidade partindo dunha aceptación das regras de xogo vixentes en cada tempo histórico. Así, desde a infancia recibimos mensaxes en relación aos diferentes aspectos (sexo biolóxico, emocións, actividades, habilidades, desexos, comportamentos...) que lle van dando forma e expresión á nosa personalidade. E nesa construción do ser, o feito de saberse neno ou nena vai ser un factor influínte, mais non determinante.

Desde as diferentes canles de socialización recibimos mensaxes diferenciadas para nenas e nenos<sup>2</sup> que ofrecen **modelos tradicionais de masculinidade e feminidade**.

---

<sup>1</sup> Bourdieu, Pierre (2000). *La dominación masculina*. Barcelona: Anagrama.

<sup>2</sup> Hernández Morales, Graciela (2005). La presencia de los cuerpos sexuados en las aulas. En Instituto de la Mujer (ed.), *Tomar en serio a las niñas. Serie de Cuadernos de Educación no Sexista*, n.º 17 (pp. 11-38). Madrid: Instituto de la Mujer.



## Que características presenta cada un destes modelos?

### MODELO TRADICIONAL DE MASCULINIDADE

- ▶ Orientación cara á visibilidade (a esfera pública), a dominación e a superioridade.
- ▶ Represión de afectos e empatía.
- ▶ Tendencia a sobrevaloralos, sobreesixirilles e infraprotexelos, facendo que sexan vulnerables a condutas de risco e con dificultade para adoptar condutas preventivas.
- ▶ Normalización emocional: aos nenos ofréceselles unha educación emocional nesgada, con moita conexión con emocións como a ira e a rabia.

### MODELO TRADICIONAL DE FEMINIDADE

- ▶ Orientación cara ao espazo doméstico de crianza e coidado, invisibilizado e infravalorado por non recibir contraprestación económica.
- ▶ Roles vinculados á dependencia.
- ▶ Autoestima vinculada á súa capacidade para xerar agrado na súa contorna, aprazando ou deixando en segundo lugar os seus propios desexos e necesidades.
- ▶ Normalización emocional: ás nenas ofréceselles unha educación emocional nesgada, con moita conexión con emocións como a vergoña, a tristeza e a culpa.

A partir desta estrutura dual créase un **sistema binario** baseado na desigualdade, pois socialmente todo aquilo que se le como feminino pasa a unha segunda categoría ou segundo plano. Sobre a construción dunha diferenza social creada, establécese unha estrutura de acordo coa desigualdade, que é a raíz da violencia contra as mulleres. Desta forma, xérase un sistema de aceptación de determinadas condutas sociais que sosteñen e lexitiman a violencia machista partindo do máis visible, o feminicidio (asasinato de mulleres) e ata as formas máis invisibles de violencia simbólica coas cales a nosa sociedade infravalora e discrimina as mulleres (micromachismos, fenda salarial...). Para poder erradicar a violencia machista precisamos poñer atención á desigualdade de base na cal somos socializadas e coa cal convivimos día a día.



## RETO 1

Tendo en conta todo isto e para comezar a pensar neste primeiro reto, no glosario poderás atopar algúns conceptos importantes que che servirán de axuda para comprender como inflúen os **roles e estereotipos de xénero** no noso desenvolvemento e socialización.

Así mesmo, tamén poderás consultar conceptos relacionados coa sexualidade, a maneira na que as persoas vivimos a nosa identidade, orientación, o propio corpo e os seus cambios e a nosa expresión de xénero. **Na sociedade existe máis diversidade da que ás veces se visualiza ou acompaña** e por iso neste reto búscase que se teñan en conta as diferentes características do alumnado, de xeito respectuoso e fomentando relacións libres de estereotipos de xénero tradicionais.

Sendo así, e como apuntaba Simone de Beauvoir, non nacemos mulleres senón que nos facemos mulleres aprendendo o que socialmente se asocia co xénero feminino. E o mesmo acontece no caso dos homes, que progresivamente van asumindo papeis que se consideran axeitados pola sociedade de referencia. Así, atopamos unha lista longa de características que definen as mulleres e os homes segundo a lóxica patriarcal:

As rapazas/mulleres SON OU DEBEN SER...

<b>Características físicas</b>	<i>Delgadas, con pelo longo, coas orellas furadas, miúdas, coa pel suave, baixas...</i>
<b>Características emocionais</b>	<i>Doces, alegres, compracentes, submisas, bondadosas, amorosas, educadas, respectuosas...</i>
<b>Afeccións</b>	<i>Práctica deportiva sen contacto físico, como a ximnasia rítmica, a patinaxe..., lectura, traballos manuais e xogos que implican coidado e atención cara a outras persoas.</i>
<b>Cando están en grupos mixtos</b>	<i>Escoitan máis, falan e interrompen menos, quedan nun segundo plano, mudan o seu criterio para agradar ou non entrar en conflito.</i>



## RETO 1

Os rapaces/homes SON OU DEBEN SER...

<b>Características físicas</b>	<i>Fortes, musculosos, con pelo curto, sen furados nas orellas, altos, atléticos...</i>
<b>Características emocionais</b>	<i>Decididos, seguros, valentes, racionais, agresivos, competitivos...</i>
<b>Afeccións</b>	<i>A maioría das disciplinas deportivas, agás aquelas consideradas femininas, videoxogos, tecnoloxías...</i>
<b>Cando están en grupos mixtos</b>	<i>Escoitan menos, falan e interrompen máis, impoñen o seu criterio, amósanse condescendentes coas rapazas.</i>

O problema é que tanto os estereotipos coma os roles de xénero establecen modelos únicos e, como sabemos, non todas as rapazas encaixan nesta idea de feminidade nin todos os rapaces no modelo tradicional de masculinidade. De feito, as persoas adoitan ser máis diversas nos nosos gustos e afeccións, sobre todo nos primeiros anos; despois a maquinaria da socialización vainos uniformando.

Neste sentido, existen modelos de resistencia fronte á masculinidade e á feminidade tradicionais. No caso das nenas e rapazas, o feminismo loita desde hai séculos por garantir a igualdade de oportunidades e dereitos, comezando polo dereito á educación, unha realidade aínda non lograda en moitos países do mundo. Cada vez temos máis recursos para ofrecerlles ás nenas modelos de feminidade alternativos baseados no recoñecemento dos seus dereitos.

Pola súa banda, cada vez máis rapaces suman as súas voces á loita feminista e a prol da igualdade entre os xéneros, recoñecendo a diversidade que tamén atravesa a masculinidade. Segundo García Marín (2016)<sup>3</sup>, a identidade de xénero é un proceso de construción sociocultural continuo e cambiante, malia non existir un modelo único. As **masculinidades disidentes, non tóxicas (novas masculinidades)** emerxen como resposta a este sistema desigual, e cada vez aparecen máis

---

<sup>3</sup> García Marín, J. (2016). "La reproducción de microculturas patriarcales y masculinidades hegemónicas a través del Teen Pop". *Innovación educativa*, 26, pp. 143-153.





## RETO 1

experiencias, modelos e prácticas alternativas de homes con respecto á **masculinidade hexemónica**. Estas masculinidades disidentes intentan romper o modelo de dominación e opresión das masculinidades hexemónicas sobre as mulleres e sobre as masculinidades subordinadas, e están a favor da tolerancia, a diversidade e a igualdade. Cada vez temos máis recursos para ofrecerlles aos nenos modelos de masculinidade alternativos baseados no botrato e no recoñecemento da totalidade das súas emocións.

Así, en relación á construción das identidades de xénero é preciso afondar nos prexuízos, estereotipos, crenzas, mandatos sociais ou mitos que existen para definir as persoas dun sexo ou doutro. Barbé i Serra, Carro e Vidal (2014)<sup>4</sup> afirman que traballar a construción identitaria contribúe significativamente á mellora da cohesión e do funcionamento do grupo clase, así como a previr e combater as violencias que xera o sistema sexo/xénero.

---

<sup>4</sup> Barbé i Serra, Alba; Carro, Sara e Vidal, Carles (2014). *La construcción de las identidades de género. Actividades para trabajar con jóvenes y adolescentes*. Madrid: Catarata.



## [3] Obxectivos e contidos a traballar

### Obxectivo xeral

Reflexionar sobre a incidencia dos estereotipos e roles de xénero na construción da identidade persoal e nas oportunidades de desenvolvemento.

### Obxectivos específicos

#### PROFESORADO

- ▶ Identificar as crezas estereotipadas do alumnado en relación á feminidade e á masculinidade.
- ▶ Analizar a dinámica de grupo desde un enfoque de xénero á hora de construír os avatares do xogo.

#### ALUMNADO

- ▶ Reflexionar sobre a influencia dos roles e estereotipos de xénero nos seus pensamentos e opinións.
- ▶ Analizar a creación dos avatares desde un enfoque de xénero.

### Que contidos imos abordar?

- ▶ Roles e estereotipos de xénero.
- ▶ Construción da(s) feminidade(s) e da(s) masculinidade(s).
- ▶ Masculinidades non hexemónicas.

## [4] Pautas do reto

Para o desenvolvemento do reto 1 de *AlgoEntreNós* propoñemos os seguintes pasos metodolóxicos:

### ANTES DO DESENVOLVEMENTO DO RETO NA AULA

- ▶ Lectura e preparación da unidade didáctica 1.
- ▶ Familiarización cos materiais facilitados no espazo do reto 1.
- ▶ Se existen dúbidas sobre a posta en funcionamento do reto ou sobre calquera elemento da proposta didáctica, contacta co equipo docente.

### DURANTE O DESENVOLVEMENTO DO RETO NA AULA – 50 minutos

*Para o desenvolvemento do reto precisas ter ordenador e conexión a internet.*

O teu labor será o de coordinar, dinamizar e supervisar o traballo proposto así como dinamizar o grupo aula. O esquema a seguir para facelo será:

1. **Proxecta o web** de *AlgoEntreNós* na pantalla da aula e vai á lapela do reto 1.
2. **Reproduce o vídeo de presentación do programa** *AlgoEntreNós*. Comenta co alumnado como ven o programa así como as dúbidas que podan xurdirlle. Podes tamén ensinarlle a plataforma para que se familiaricen coa proposta.
3. **Reproduce o vídeo de presentación do reto 1.**
4. Unha vez comprendida a tarefa que temos que desenvolver, poñerémonos mans á obra! Neste caso **axudarás ao alumnado a crear 2 avatares, un masculino e un feminino, que teñan en conta e representen as características predominantes do grupo.**
  - **Crea o avatar 1** empregando a aplicación dispoñible na plataforma (deberás pulsar en “Crea avatar 1”). Despois de creala, descarga a imaxe.
  - **Crea o avatar 2** empregando a aplicación dispoñible na plataforma (deberás pulsar en “Crea avatar 2”). Despois de creala, descarga a imaxe.
5. Cando rematedes de crear os avatares, **reproduce o vídeo do reto 1** onde explicamos o que hai que facer para superar o reto.



## RETO 1

6. Axuda ao alumnado a **completar o seu reto!** Neste caso, consistirá en redactar as **características dos dous avatares:**

- ▶ Nome e idade
- ▶ Un mínimo de 5 aspectos da figura física (como é)
- ▶ Un mínimo de 5 aspectos da vestimenta (cores, estilo, complementos...)
- ▶ 5 gustos: (ex.: gústalle o chocolate)
- ▶ 3 afeccións ou hobbies: (ex.: é afeccionada á fotografía)
- ▶ 3 cousas que dirían as/os colegas dela ou del
- ▶ 1 estado de ánimo da persoa

### PARA REMATAR E SUPERAR O RETO

- ▶ Pulsa no botón **“Ver formulario do reto”**. Ao facelo, accederás a un novo apartado no que hai un formulario para que compartas o traballo feito polo alumnado. A información que deberás compartir é a seguinte:
  - Sobre o AVATAR FEMININO ELA\*
    - Anexa a imaxe do Avatar, descargada previamente.
    - Comparte as características acordadas polo alumnado.
  - Sobre o AVATAR MASCULINO EL\*
    - Anexa a imaxe do Avatar, descargada previamente.
    - Comparte as características acordadas polo alumnado.
  - Sobre o formulario do reto
    - Pulsa no enlace ao formulario de avaliación para responder.
- ▶ Unha vez feito, **pulsa no botón COMPLETAR E ENVIAR**. Tamén podes restablecer o formulario (se hai algún erro e prefires cubrir de novo os diferentes apartados) ou Gardar as respostas e envialas noutro momento.
- ▶ Cando envíes a información, desbloquearase e abrirase o seguinte reto e poderás ver no cadro resumo o avance no programa.
- ▶ Cando o equipo revise a información, poderás acceder aos documentos na **Caixa de almacenaxe**.



## [5] Desenvolvemento

### ORGANIZACIÓN DO RETO

O traballo na aula dispórase en gran grupo para a creación dos avatares.

### DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

O gran grupo debe decidir por que avatar comezar, se o masculino ou o feminino. Os rapaces crearán o avatar masculino, buscando que sexa o máis representativo posible da súa masculinidade, e as rapazas farán o propio co avatar feminino. Para crear cada un dos avatares, dispós dun programa no espazo web do reto dispoñible ao pulsar nos apartados “Crea avatar 1” e “Crea avatar 2”.

É importante comentarlle ao alumnado que **os avatares deben representar ao grupo** e incidir nesta cuestión. É dicir, se na clase hai unha maioría de alumnado afeccionado a algo ou cuns trazos físicos recorrentes, os avatares deberían reflectilo.

Durante a creación do avatar, o grupo ao cal non lle toque participar permanecerá en silencio, atendendo, desde o respecto, ás propostas que realice o outro grupo.

Para a creación de cada un dos avatares, os grupos, ademais de deseñar a través dunha aplicación dispoñible na propia plataforma os elementos relacionados co aspecto físico do seu avatar, tamén deberán achegar a seguinte información:

- ▶ Nome e idade
- ▶ Un mínimo de 5 aspectos da figura física (como é)
- ▶ Un mínimo de 5 aspectos da vestimenta (cores, estilo, complementos...)
- ▶ 5 gustos: (ex.: gústalle o chocolate)
- ▶ 3 afeccións ou hobbies: (ex.: é afeccionada á fotografía)
- ▶ 3 cousas que dirían as/os colegas dela ou del
- ▶ 1 estado de ánimo da persoa

## RETO 1

### DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

#### ↓ Crear dous avatares (un masculino e outro feminino)


Para elaboralo, deberás dirixirte ao apartado **Crea o teu avatar** e, dentro del, darlles forma a cada un dos dous avatares pulsando en **Crear avatar 1**. Unha vez realizado o primeiro avatar, pulsaremos en **Crear avatar 2**.

O tempo estimado para a creación de cada un dos avatares é de 20 minutos como máximo.

#### 1º CREAR AVATAR 1

Cando pulsamos no apartado Crear avatar 1, abrírase unha nova lapela no noso ordenador e aparecerá un programa onde poderás deseñar o primeiro dos avatares. O primeiro que vas ter que decidir é o xénero do teu avatar. Deberás pulsar no avatar correspondente (pelo curto se é masculino e pelo longo se é feminino).


#### **Avatar 1**



Unha vez seleccionado, poderás deseñar o teu avatar. O programa permite varios bloques de deseño: cara, ollos, cabelo, roupa e fondo, con múltiples opcións en cada un deles. Poderemos decidir desde a forma de cada elemento ata a súa cor!

RETO 1

Avatar 1



Os elementos aos cales deberás atender no deseño do avatar son os seguintes:

- ▶ CARA
- ▶ OLLOS
- ▶ CABELO
- ▶ ROUPA
- ▶ FONDOS

Para facelo, segue as seguintes instrucións:

**BLOQUES**


**CARA**

Escolleremos o rostro do noso avatar, poñendo atención á forma da cara, á boca, ao nariz e ás orellas. Non esquezas ningunha parte! Tamén é importante elixir o tipo de cello e de boca tendo en conta que estas din moito das emocións do noso avatar!

Elementos: forma, boca, nariz e orellas

**EXEMPLO**

Avatar 1




RETO 1

**OLLOS**

Deterémonos a pensar a expresión dos ollos do noso avatar, tomando decisións sobre a súa forma e a do iris, a cor, as cellas ou se leva ou non lentes. Non esquezas ningunha parte! E ten en conta a paleta de cores dispoñible.


Elementos: forma, iris, cellas e lentes



**CABELO**


Escolleremos a forma e a cor do cabelo do noso avatar, así como o feito de levar ou non bigote ou barba. Non esquezas ningunha parte! E ten en conta a paleta de cores dispoñible.

Elementos: cabelo, bigote e barba.



**ROUPA**

Escolleremos un formato básico de roupa, e poderemos darlle a cor que máis nos guste.






RETO 1


**FONDOS**

Se o grupo quere, tamén pode seleccionar o fondo do seu avatar, para que o deseño nos dea máis información.



**NOTA 1**

En todas as fases do deseño, podemos poñer máis cores ca as que aparecen debaixo do avatar. Para facelo, se te fixas, observarás que debaixo do avatar aparecen cadrados de cores diferentes e que abaixo á esquerda hai un círculo. Se pulsas, aparecerá unha ampla gama de cores.



Unha vez finalizado o proceso de creación, prememos **gardar** e dámoslle un **nome ao noso avatar**.

2º CREAR AVATAR 2

Unha vez rematado o primeiro avatar, pasaremos a facer o mesmo co avatar 2.

Lembra que, se comezaron a actividade facendo o avatar masculino, deberán facer agora o feminino, e viceversa.



## RETO 1

### **RETO 1**

#### ↓ **Definir as características dos dous avatares.**

Cando rematemos de deseñar os dous avatares, proxectaremos o vídeo do reto 1.

Neste caso, a proposta do reto consiste en que o alumando propoña o resto das cuestións relacionadas cos avatares e que van máis alá do seu aspecto e que sinalamos máis arriba (nome, idade e un mínimo de cinco aspectos da figura física, cinco gustos, 3 afeccións, etc.)

Esta información deberá ser recollida no **formulario do reto 1**.

#### COMPLETAR E SUPERAR O RETO

Unha vez creado o perfil de cada un dos avatares e definidas as súas características, para completar e superar o reto, deberás pulsar no botón "**Ver formulario do reto**". Ao facelo, accederás a un novo apartado no que hai un formulario para que compartas o traballo feito polo alumnado. A información que deberás compartir é a seguinte:

- Sobre o AVATAR FEMININO ELA\*
  - Anexa a imaxe do Avatar, descargada previamente.
  - Comparte as características acordadas polo alumnado.
- Sobre o AVATAR MASCULINO EL\*
  - Anexa a imaxe do Avatar, descargada previamente.
  - Comparte as características acordadas polo alumnado.
- Sobre o formulario do reto
  - Pulsa no enlace ao formulario de avaliación para responder.

Unha vez feito, **pulsa no botón COMPLETAR E ENVIAR** e así o traballado na aula quedará rexistrado. Ao enviar a información, desbloquearase e abrirase o seguinte reto para que podades avanzar co programa na próxima clase.

Cando o equipo revise a información, poderás acceder aos documentos na **Caixa de almacenaxe**.



## RETO 1

### [6] Notas para resolver situacións frecuentes

Durante o desenvolvemento do reto é posible que xurdan dúbidas e comentarios que nos poñan nunha situación algo complicada. Na nosa experiencia impartindo obradoiros en aulas de secundaria, o alumnado en moitas ocasións ofrece reflexións ben interesantes e innovadoras; outras veces reproducen mitos que debemos desmontar.

A continuación presentamos situacións que poden darse durante o desenvolvemento do reto **1** e algúns consellos para un bo desenvolvemento do traballo na aula:

#### **POSIBLES INTERVENCIÓNS DE RÉPLICA E RESPOSTAS XUSTIFICADAS**

*E por que temos que deseñar avatares dun personaxe feminino e outro masculino e non de dúas rapazas, dous rapaces ou unha persoa soa?*

**RESPOSTA...** queremos coñecer as ideas sobre a masculinidade e a feminidade que existen no grupo. Que pensan maioritariamente os rapaces sobre a masculinidade? Que pensan maioritariamente as rapazas sobre a feminidade? En que medida están presentes os estereotipos e roles de xénero tradicionais na aula?

*E por que os avatares teñen que representar o alumnado da clase?*

**RESPOSTA...** queremos reflexionar sobre o grao de diversidade que existe na expresión da masculinidade e da feminidade, e se o modelo que se proxecta no avatar garda coherencia coa realidade da aula. Pode acontecer que o avatar teña un corte máis tradicional e se invisibilicen expresións de masculinidade e feminidade diversas presentes na aula. Trátase de comprobar o grado de diversidade que presentan os avatares en relación á expresión de xénero e se isto se corresponde co noso alumnado.



## RETO 1

*Un rapaz non pode levar saia!*

**RESPOSTA...** a vestimenta non debera ter xénero marcado. As prendas de roupa, coma as cores, non teñen que asociarse a un sexo ou a outro. Ademais o feito de levar certas prendas de roupa é unha cuestión cultural e cambiante no tempo. Hai culturas onde os homes levan saias ou túnicas, podedes investigar e coñecer sobre a diversidade de vestimenta no mundo!

*Unha rapaza tan alta non é real!*

**RESPOSTA...** na realidade, as mulleres e os homes son máis diversos do que amosan os estereotipos e roles de xénero. Teimamos en construír modelos pechados e únicos, pero o certo é que hai mulleres altas, baixas e de todas estaturas e medidas. Somos diversas e diversos!

*Se somos iguais, por que as probas deportivas son diferentes para mulleres e homes?*

**RESPOSTA...** as habilidades físicas adéstranse desde que nacemos, non son unha calidade innata. En realidade, os prexuízos de xénero condicionan que poidamos ver a práctica deportiva mixta como unha realidade ou que certas habilidades poidan ser desenvolvidas por homes (por exemplo, a forza ou a resistencia) ou por mulleres (por exemplo, a flexibilidade).

*Que pasa se na aula se presenta algún caso relacionado coa diversidade? E incluso algún caso onde interseccionen varias diversidades...? (ex. persoa migrante/racializada, persoa transexual, persoa con diversidade funcional...)*

**RESPOSTA...** a aula é diversa, así como o mundo. Tes documentos de apoio e recursos no apartado de **materiais** que che poden dar luz. E se tes algunha dúbida sempre nos podes escribir e tentaremos axudarche.



## RETO 1

### **[7] Pon o foco**

Convidámoste a poñer o foco durante o desenvolvemento deste reto analizando o comportamento do grupo desde un enfoque de xénero. Trátase de ter en conta o que fai o alumnado:

- ▶ Observa como reacciona o alumnado ante a presentación da dinámica e a realización do reto.
- ▶ Ten en conta como se relacionan nas intervencións grupais e na proposta de ideas para realizar o reto: como se organizan? Escoitan? Como son as negociacións? Quen fala máis? Quen propón máis ideas? Quen se implica máis na tarefa? Respectan a diversidade da aula?
- ▶ Presta atención a se na creación dos avatares aparecen estereotipos ou roles de xénero e cales.
- ▶ Quen toma as decisións finais? (maior peso das opinións dos rapaces, das rapazas...).
- ▶ Observa se existen bromas ou comentarios machistas no transcurso da actividade. Quen as fai? Como responden a eles no caso de producirse?